



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 25 DE AGOSTO DE 2016

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D. ANTONIO RODRÍGUEZ
MEIZOSO

D.^a MARIA IBERA TEIJEIRO
SANJUAN

D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN

D.^a LAURA PIÑEIRO MONTES

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

D. DAVID RODRÍGUEZ SANMARTÍN

No salón de sesión desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do vinte e cinco de agosto de dous mil dezáseis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria convocada para o día de hoxe.

Non asisten á sesión D.Santiago MeizosoPermuy.

SECRETARIO:

D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 11 DE XULLO DE 2016

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data once de xullo de dous mil dezáseis.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. CONTA XERAL DO EXERCICIO 2015. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-presidente ao pleno da corporación do expediente tramitado para a aprobación correspondente á Conta Xeral do exercicio 2015. Dí o Sr. Alcalde-presidente que se trata dun documento técnico que reflicte o balance económico do concello do exercicio 2015.

Polo voceiro do grupo municipal de AIAC D. Marcos Rodríguez Calvo díse que en canto ao documento técnico como tal o grupo municipal de AIAC non ten nada que dicir pero sí débese alegar como se inviste polo equipo de goberno o diñeiro público, xa que o problema da Capela é a baixada continua de poboación, polo que hai que deixar de gastar en mantemento e facer unha nova política que fixe a poboación.

Respótaselle polo sr. Alcalde que todos os concellos da comarca similares ao da Capela perden poboación e que non existe unha vara máxica para solucionar este tema. Di que se está apostando polo turismo xa que o emprego e o sector lácteo están a pasar un mal momento.

Polo voceiro do grupo municipal de AIAC díse que á Capela non lle debe interesar a baixada de poboación nos concellos do contorno senón que o que hai que facer é tentar fixar poboación na Capela.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (6 votos a favor dos Sres./as Concelleiros/Concelleiras do grupo municipal do PS de G-PSOE e 2 abstencións dos Sres. Concelleiros/Concelleiras do grupo municipal de AIAC) adopta o seguinte acordo:

1º Aprobar a Conta Xeral do Concello da Capela correspondente ao exercicio 2015

2º Remitíla en tempo e forma aos órganos de fiscalización externa, Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia

3. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 4/2016. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dáse conta polo Sr. Aclade-presidente da redacción do expediente de modificación de créditos número 4/2016 por importe de 9.200,00 € de suplemento de créditos nas seguintes partidas:

-2016.161.21300 mantemento de maquinaria e instalacións do abastecemento municipal de auga por importe de 3.000,00 €

-2016.165.21000 mantemento da iluminación pública por importe de 4.500,00 €
 -2016.432.21200 mantemento de edificios e outras construcións por importe de 1.700,00 €

Polo voceiro do grupo municipal de AIAC D. Marcos Rodríguez Calvo pregúntase polos conceptos correspondentes ás partidas de mantemento das instalacións de auga potable e do mantemento de inmobles.

Respóstalle o alcalde-presidente que con respecto ao tema da auga adquiriuse maquinaria e produtos para tratar o exceso de aluminio que viñan dando as últimas analíticas. Polo que respecta ao mantemento de edificios correspóndese co barnizado das portas e ventanas do edificio da escola de Guitiriz.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por maioría de votos (6 votos a favor dos Sres. Concelleiros /as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 2 abstencións dos Srs. Concelleiros do grupo municipal de AIAC) adopta o seguinte acordo:

1. Aprobar o expediente de modificación de créditos 4/2016, por importe de 9.200€, que contempla suplementos de crédito, con cargo a transferencias doutras partidas, de acordo co seguinte cadro:

CAPITULO	CONSIG. INICIAL	XERAC. CRÉDITOS CON CARGO A NOVOS INGRESOS	SUPLEM. CRÉDITO CON CARGO NOVOS INGRESOS	CON A	SUPL.DE CRÉDITOS CON CARGO TRANSF. DOUTRAS PARTIDAS	TOTAL CONSIGNAC. RESULTANTE
I Gastos de persoal	367.640,80€					367.640,80€
II Gtos. BensCorrentes	746.795,45€				-9.200,00€ +9.200,00€	746.795,45€
III GtosFinancieiro s	0,00€					0,00€
IV Transf. Correntes	26.925,10€					26.925,10€
VI Investimentos reais	392.192,94€					392.192,94€
VII Transf. Capital	0,00€					0,00€
VIII Activos Financieiros	0,00€					0,00€
IX Pasivos Financieiros	0,00€					0,00€
TOTAL	1.533.554,29€				0,00€	1.533.554,29€

2. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións.

3. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no BOP.

4. DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA.

Dase conta dos decretos e resolucións da Alcaldía dende o 22.06.2016 ata 19.08.2016 dende os números 164 a 235 incluídos.

Fecha	Nº Decreto	Asunto
22/06/2016	164/2016	PETICIÓN DE COPIA DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2015 POLO CONCELLEIRO D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY
23/06/2016	165/2016	APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DO PLAN DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. ANUALIDADE 2016
27/06/2016	166/2016	MOCIÓN CANTEIRA GOENTE
28/06/2016	167/2016	VACACIÓNS OLGA 2016
29/06/2016	168/2016	CERTIFICACIÓN CANARGA, S.L.
29/06/2016	169/2016	SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

29/06/2016	170/2016	ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA "RECEPCIÓN DE VISITANTES NO PORTAL DAS FRAGAS DO EUME 2016"
30/06/2016	171/2016	FESTAS LOCÁIS 2017
30/06/2016	172/2016	APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL XUÑO 2016 DA TAXA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA
30/06/2016	173/2016	PETICIÓN CONTA XERAL 2015 AIAC
01/07/2016	174/2016	TARXETA APARCAMENTO MARIA INES MEIZOSO SECO
01/07/2016	175/2016	TARXETA APARCAMENTO JOSE JULIO PICO DURÁN
04/07/2016	176/2016	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE GASTOS O/2016/19
04/07/2016	177/2016	PETICION EXPEDIENTES
05/07/2016	178/2016	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE PAGOS P/2016/20
06/07/2016	179/2016	ADXUDICACIÓN PROXECTO PMA
07/07/2016	180/2016	APROBACIÓN LISTAXE PLAN PEL
07/07/2016	181/2016	PLENO EXTRAORDINARIO 11.07.2016
08/07/2016	182/2016	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A LICITACIÓN E CONTRATACIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PÁS 2015
11/07/2016	183/2016	ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
11/07/2016	184/2016	DIAS ASUNTOS PROPIOS AMÉRICA
11/07/2016	185/2016	ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
12/07/2016	186/2016	AXUDA NO FOGAR ENCARNACIÓN DOCE FDEZ.
12/07/2016	187/2016	AXUDA NO FOGAR DE MARIA LUISA ALLEGUE FDEZ.

13/07/2016	188/2016	ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
13/07/2016	189/2016	NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE
13/07/2016	190/2016	NOMEAMENTO CONCELLEIRA DELEGADA
14/07/2016	191/2016	VACACIÓNS MARIA AMERICA UCEIRA CRIADO
14/07/2016	192/2016	BAIXA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
15/07/2016	193/2016	VACACIÓNS MARÍA CELIA COUCE MOREIRA
15/07/2016	194/2016	APROBACIÓN EXPEDIENTE PARA LICITACIÓN E CONTRATACIÓN DA OBRA "OBRAS DE REHABILITACIÓN ESTRUCTURAL E INCORPORACIÓN DE MEDIDAS DE SEGURIDADE EN INFRAESTRUTURAS VIARIAS"
15/07/2016	195/2016	VACACIONES ELSA GOMEZ LOPEZ
19/07/2016	196/2016	ADXUDICACIÓN DA OBRA "MELLORA DA PISTA DA CRUZ DA MOA E MANTEMENTO DO CAMIÑO DO VILAR". PLAN MARCO MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS.
20/07/2016	197/2016	APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DO 2º TRIMESTRE DA TAXA DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE
20/07/2016	198/2016	PETICIÓN REVISIÓN EXPEDIENTES
20/07/2016	199/2016	FONTE DA VIRXE DE CABALAR
21/07/2016	200/2016	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA "OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA PARA O NOVO CENTRO DE SAÚDE EN AS NEVES- A CAPELA
21/07/2016	201/2016	AUTORIZACIÓN FOGOS FESTAS DE SANDE 2016
22/07/2016	202/2016	RESOLUCION FESTA SANDE 2016

22/07/2016	203/2016	BAIXAS PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
22/07/2016	204/2016	ETNOEUME V
26/07/2016	205/2016	BAIXAS POR DEFUNCIÓN EN PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
26/07/2016	206/2016	APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL XUÑO 2016 DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
26/07/2016	207/2016	LICENZA URBANISTICA JUAN JOSE PENABAD SALGADO
26/07/2016	208/2016	ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
27/07/2016	209/2016	ASUNTOS PROPIOS JOSÉ A.MEIZOSO PAZ
27/07/2016	210/2016	CONVOCATORIA MESA CONTRATACIÓN
28/08/2016	211/2016	ASUNTOS PROPIOS JESÚS FRANCO RGUEZ.
29/07/2016	212/2016	APROBACIÓN DA ORDE DE PAGOS P/2016/22
01/08/2016	213/2016	CONVOCATORIA MESA CONTRATACIÓN OBRAS PAS 2015
02/08/2016	214/2016	RESOLUCIÓN FESTAS DE AS NEVES 2016
02/08/2016	215/2016	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE GASTOS O/2016/21
02/08/2016	216/2016	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA FESTAS PATRONAIS DE SANTIAGO DE A CAPELA
03/08/2016	217/2016	AUTORIZACIÓN TIRADA FOGOS ARTIFICIO FESTA DE AS NEVES 2016
04/08/2016	218/2016	RESOLUCIÓN FESTA SANTA M. CABALAR 2016
04/08/2016	219/2016	AUTORIZACIÓN TIRADA FOGOS ARTIFICIO FESTA CABALAR 2016
04/08/2016	220/2016	SOLICITUDE DOCUMENTACIÓN A EMPRESA SERGONSA SERVICIOS, S.L.
04/08/2016	221/2016	SOLICITUDE DOCUMENTACIÓN Á EMPRESA GROMA OBRAS, S.L.
04/08/2016	222/2016	SOLICITUDE DOCUMENTACIÓN Á EMPRESA ASPROESGA, S.L.

04/08/2016	223/2016	VARIACIÓNS MENSUAIS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
04/08/2016	224/2016	VACACIÓNS FUNCIONARIO JESÚS FRANCO RODRÍGUEZ
04/08/2016	225/2016	VACACIÓNS MARIA CRISTINA RODRÍGUEZ SANMARTIN
04/08/2016	226/2016	ASUNTOS PROPIOS Mª ISABEL FRANCO RODRÍGUEZ
05/08/2016	227/2016	LICENZA REHABILITACIÓN VIVENDA MARIA ARGEBANDA VILARIÑO VILARIÑO
08/08/2016	228/2016	SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE XUÑO DE 2016 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
09/08/2016	229/2016	APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS 2016
09/08/2016	230/2016	CONVOCATORIA MESA CONTRATACIÓN OBRA CONVENIO DEPUTACIÓN 107/2016
10/08/2016	231/2016	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE GASTOS O/2016/22
18/08/2016	232/2016	COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS DO PLENO PARA O 22.08.2016
18/08/2016	233/2016	RESOLUCIÓN SOBRE A PETICIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO – PP DE G O DÍA 10 AGOSTO 2016
19/08/2016	234/2016	ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACIÓN DE CINTA DE CORRER PARA O XIMNASIO MUNICIPAL
19/08/2016	235/2016	CONVOCATORIA MESA DE CONTRATACIÓN PARA O 23.08.2016

O Pleno queda enterado.

5. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS

Non se presentou ninguna moción a debate e votación por ningún dos grupos municipais.

6. MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

Dáse conta polo Sr. Alcalde-presidente da proposta da alcaldía referente á modificación da composición da Mesa Permanente de Contratación do Concello da Capela aos efectos de modificar un membro do grupo municipal do PSdeG-PSOE e nomear suplentes dos titulares, xa que isto non se fixo na proposta que se aprobou polo Pleno do Concello en data 6 de xuño de 2015.

Di o Sr. Alcalde-presidente que como o asunto non estaba incluído na orde do día é preciso declarar a urxencia e incluílo na orde do día, todo elo de acordo co establecido no artigo 82.3 do ROF.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres./Sras Concelleiros/as asistentes á sesión declaran a urxencia do asunto e a súa inclusión na orde do día.

Sen debate, o pleno da corporación por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

Único : a mesa de contratación permanente do concello da Capela queda constituída do seguinte xeito:

Presidente: D. Manuel Meizoso López, alcalde-presidente do Concello

Suplente: D. Antonio Rguez. Meizoso concelleiro do PS de G - PSOE

Vogais.

Titular: D. Jaime Barcia Rguez. concelleiro do PS de G - PSOE

Suplente: D. Emilio Riobó Piñón, concelleiro do PS de G -PSOE

Titular: D. Marcos Rodríguez Calvo, concelleiro de AIAC

Suplente: D. David Rodríguez Sanmartín, concelleiro de AIAC

Titular: D. Santiago MeizosoPermuy, concelleiro do Grupo Mixto -PP

Titular: D. José Antonio Meizoso Paz, secretario-interventor do concello

Secretaria: D.^a Olga Galdo López, funcionaría do concello

ROGOS E PREGUNTAS.

Dase conta dos rogos formulados polo Grupo Municipal de AIAC, que de seguido se relacionan:

PRIMEIRO ROGO

“No pleno celebrado o día 29 de outubro de 2015, aprobouse unha moción presentada por este grupo político na cal se acordou iniciar as negociacións con Gas Natural – Fenosa para que se lle dese un uso continuado durante todo o ano ás casas valeiras do Poboado, tanto en réxime de aluguer como a través da venda da totalidade das casas ou de parte delas.

Pois ben, dez meses despois de aprobarse esa moción, aínda non temos unha resposta definitiva por parte da mencionada entidade. Únicamente temos constancia, por palabras do Sr. Alcalde, que existiron uns contactos con responsables da empresa e que estaban estudiando o tema.

Polo tanto,

Rogámoslle ao equipo de goberno que, cando sexa posible, convoque unha reunión cos responsables de Gas Natural – Fenosa e os representantes dos grupos políticos deste Concello que queiran asistir, para continuar con esas negociacións que actualmente están estancadas”.

Respóntase polo Sr. Alcalde-presidente que a empresa ténlle comunicado que ao longo do mes de setembro traerá unha proposta en firme, non obstante dí que se atende o rogo.

SEGUNDO ROGO

“O pasado día 28 de xullo, convocouse o Consello de Participación Veciñal no que o terceiro punto da orde do día era para tratar o posicionamento de Consello en relación á solicitude dunha empresa para o vertido de tecnosuelos na canteira de Goente.

Entendemos que este punto se tratou no CPV dado o seu interese xeral para o conxunto dos veciños da Capela.

Pois ben, dado que tamén entendemos que é de interese xeral para o conxunto dos veciños da Capela como se invirte o diñeiro público do que dispón este Concello.

Rogámoslle ao equipo de goberno que, previamente á tramitación dos orzamentos do ano 2017, se convoque ao Consello de Participación Veciñal para recoller ideas dos veciños sobre as necesidades que temos no noso concello, para posteriormente poder levalas a cabo con cargo ao POS e o PAS do ano 2017”

Respóntase polo Sr. Alcalde-presidente que non se sabe aínda para o ano que vén que planes aprobará a Deputación, o POS seguro que sí pero o PAS non o sabe, non obstante dí que se atende o rogo.

PREGUNTAS

Dase conta das preguntas formuladas polo Grupo Municipal de AIAC, que de seguido se relacionan:

1. Nestas últimas semanas, convocáronse varias mesas de contratación para diversas obras que se van a executar no concello. ¿Por qué nunhas obras se convoca esta mesa e noutras non, como a do aglomerado de Cancela Grande ata Sande?

Respóntase polo Sr. Alcade-presidente que xa se respostou parte desta pregunta no pleno anterior e que en realidade o prego do procedemento aberto é distinto do prego do procedemento negociado. Dí o alcalde que vista a experiencia deste últimos tempos parece máis áxil o sistema do procedemento negociado.

2. Vimos observando nos últimos días moita basura tirada por diversos sitios do Concello e fora dos lugares destinados para o seu depósito. Xa fai tempo que se fala da posibilidade de compartir un Punto Limpo coas Pontes. ¿Hai algún avance neste tema?

Resposta o alcalde que considera máis áxil para os veciños da Capela que o punto limpo o feito de que todos os meses se recollan polas casas in situ os trastos e os voluminosos, dí ademáis que xa se recolleu o lixo de vertedoiros ao que fai referencia a pregunta.

3. Temos entendido que os representantes do persoal laboral do Concello da Capela, presentaron fai uns meses unha proposta dun novo marco laboral no que se propoñían varias melloras con respecto á situación actual ¿ En qué situación se encontra esta proposta?

Dí o Sr. Alcalde que todos os contratados laborais do concello asinaron no seu día un contrato de traballo que é polo que se rexe a súa relación laboral co concello, de acordo co Estatuto dos traballadores, non obstante e despois dun informe solicitado á Asistencia Xurídica da Deputación negociárase un convenio coas limitacións legais e orzamentarias que establece a Lei de orzamentos estatal.

4. ¿Por qué limpou o Concello o camiño que vai dende a carretera ata o río Bellelle no lugar do Barreiro, cando parece ser que non é un camiño público?

Dí o Sr. Alcalde que efectivamente o camiño non é público pero que se limpou de acordo cos veciños porque está previsto facer unha actividade deportiva na zona.

5. ¿É posible destinar unha subvención da Deputación da Coruña para a substitución das ventanas nun edificio cedido ao Concello?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que a subvención foi solicitada nomeadamente para o cambio de ventanas nese edificio que está cedido ao concello e que este ten o deber do mantemento e conservación del.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas corenta minutos, de todo o cal, eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

Manuel Meizoso López

O Secretario,

José Antonio Meizoso Paz.